

CAMP NIGHT 2026 FÓZ

NADOS/AS ENTRE 2010 E 2014

 29 A 31 DE XULLO

XOGOS NOCTURNOS, FESTA DA ESCUMA, KAIKAKS, PADDLE SURF,
SENDEIRISMO, DESLIZADOR DE AGUA E.... MOITO MÁIS

OBRA PÍA - FAZOURO

ACTIVIDADE GRATUITA



Concello
de **Foz**

CAMP 2026 NIGHT FOZ

- As actividades están orientadas a rapaces e rapazas nados/as entre o ano 2010 e o 2014.
- A duración será desde as 17:00h do 29 de xullo ata as 19:00h do 31 de xullo. As persoas participantes chegarán por conta propia ata o lugar de realización - Obra Pía de Fazouro - 43°35'22.5"N 7°18'01.7"W - o primeiro día, e deberán ser recollidas na mesma ubicación.
- Inclúe os correspondentes almozos, xantares, merendas e ceas, así como durmir nesta instalación (tendas de campaña) as noites do 29 e 30 de xullo.
- As distintas actividades realizaranse en exterior tanto no espazo da Obra Pía coma noutros, coma poida ser a área recreativa do Río Ouro.
- As actividades contarán cos seguros pertinentes.
- No formulario de inscrición dispónse un apartado específico para deixar constancia de patoloxías coñecidas, alerxias, intolerancias,... É moi importante que se cubra este apartado de ser necesario. De necesitar tomar algún tipo de medicación deberase xustificar cun informe médico. En caso de non tomar algún tipo de alimento, por exemplo, por motivos relixiosos e/ou culturais tamén deben deixar constancia na folla de solicitude, para poder telo en conta.
- Para algunhas das actividades pode ser necesario que as persoas participantes saiban nadar, do cal se deixará constancia no formulario de inscrición.
- Ao asinar a inscrición, afirma coñecer e asume as condicións de participación establecidas nestas bases e a veracidade dos datos aportados.
- As persoas participantes estarán sempre acompañadas do persoal cualificado da empresa encargada de xestionar o programa.
- Cumprirán as normas establecidas e no caso de non facelo e xerar algún tipo de problema no desenvolvemento das actividades, avisarase á persoa asinante do formulario de inscrición (pai/nai ou titor/a), podendo chegar á expulsión do campamento.
- É obrigatorio que cada persoa participante entregue a seguinte documentación:
fotocopia da tarxeta sanitaria ou outra entidade aseguradora e fotocopia do DNI/NIE.

CAMP 2026 NIGHT FOZ

- No caso de tomar algunha medicación habitualmente deben traer un informe médico para xustificalo así como a medicación citada.
- Teléfono móbil. Entregarase apagado ao/á monitor/a encargado do grupo, quen o entregará ao rapaz/a participante no horario establecido para chamadas. Este horario será de 15:00h a 15:30h.
- No caso de ter que contactar por algún motivo, os pais/nais ou titores/as legais das persoas participantes contarán cos teléfonos de contacto das/os monitoras/es para chamar fóra dos horarios establecidos de uso de móbil.
- Non se pode traer: dispositivos electrónicos como videoconsolas, tablets,... e/ou obxectos de valor.
- Diñeiro: todos os gastos básicos e das actividades están cubertos durante os días do campamento, non sendo necesario que leven cartos, aínda así, se queren dispoñer deles, a cantidade non debe superar os 20€ e serán responsables da súa xestión e custodia.
- O campamento é con pernocta, polo que non se permitirá a asistencia sin permanecer nas noites.
- No caso de que un/nha participante decida abandonar nalgún momento o campamento, non se poderá reincorporar posteriormente.

CAMP 2026 NIGHT FOZ

Cada persoa participante deberá traer:

- 1 ou 2 pares de zapatillas de deporte e 1 par de chanclas
- Roupa interior para cada día
- 1 par de calcetíns para cada día
- 1 sudadeira/xersei de abrigo
- 1 impermeable
- 1 Gorra para o sol
- Camisetas, pantalóns, bañador, ...
- 1 toalla de praia e 1 toalla ducha
- Pixama ou similar
- Mochila pequena para excursións
- Saco de durmir e esterilla
- Lanterna e cantimplora ou botella para auga
- Bolsa de lixo para a roupa sucia
- Útiles de aseo persoal: champú, xel, cepillo e pasta de dentes, peine, ...PROTECTOR SOLAR, repelente de mosquitos se o consideran necesario.

A actividade é gratuíta. O coste do programa será asumido polo Concello de Foz.

INSCRICIÓN:

Pode entregarse a documentación de calquera destas vías:

Fisicamente: na Casa da Xuventude (R/Julia Minguillón, 7- Baixo)

Por correo electrónico: xuventude@concellodefoz.es

Prazo de inscrición: ata as 13:00h do 27 de xullo de 2026

Se houbera máis solicitudes que prazas, establecerase como prioridade aquelas/es menores empadroadas/os en Foz.

Reservarase o 10% das prazas para rapaces e rapazas en situación de vulnerabilidade, beneficiarios/as de programas sociais e familias vítimas de violencia de xénero.

De acordo con o establecido no RGPD e a LOPDGDD, informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais e os/as do/a menor (no seu caso) é o Concello de Foz con enderezo en Avda. Álvaro Cunqueiro, nº 24, CP 27780, en Foz (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión do campamento de verán no que se inscribe a/o menor, cobranza do servizo (no seu caso), así como efectuar a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: Sede electrónica de Foz (sedelectronica.es)